

37 anos de Belén de Begonte



O Belén de Begonte chega este Nadal á súa XXXVII Edición. Para celebrar este aninovo fixemos un repaso pola súa traxectoria como referente das navidades chairegas.

Os comezos, as primeiras edicións, os seus creadores, a súa evolución ao longo do tempo, así como os participantes e actividades paralelas serán parte dun texto que pretende reivindicar este acontecemento.

O nadal cobra vida en Begonte

O seu Belén electrónico conta cunha fonda historia. Creado en 1972 comezou nun pequeno local e acabou por converterse nunha referencia da Galicia cultural



O Belén de Begonte cámbiase tódolos anos con pezas novas

Nalgunhas casas o Nadal comeza o día en que toda a familia se senta nunha mesa repleta de comida, de saúdos, de abrazos e risas daqueles que se xuntan case unha vez ao ano. Noutras fano coas compras de lotaría, regalos, polvoróns... Para outros éo cando as rúas se iluminan coas cores e as luces que simbolizan estas festas. Non obstante, para un neno o Nadal só dá comezo cando se desempoan unhas figuriñas de plástico, de madeira ou de nácara, colócase o mofo con tino e sitúanse, no mellor lugar da casa, o macho, a vaca, o pequeno neno Xesús, a Virxe, San Xosé, os pastores e os reis magos.

Quizais imbuídos polo espírito infantil que regresa cada ano, Jesús Domínguez e José Rodríguez Varela, dan comezo ao seu Nadal particular e, de paso, trasládana a toda Galicia. Para Begonte, as festas non empezan con árbores decoradas ou con repoludos anciáns disfrazados

pola Coca-Cola. Comezan coas pequenas figuras que, grazas á arte e á técnica de Varela e ao empeño e a ilusión de Domínguez, cobran vida durante un mes e medio.

A natureza do Belén de Begonte non é puramente relixiosa, ou lúdica, ou social; é un acontecemento cultural, entendendo o termo como un compendio de todo, como parte definitoria da existencia dun pobo. "O Belén de Begonte ten varios aspectos: o cultural; o rural, porque se desempeña dentro deste ámbito e fai promoción dos seus valores; o relixioso; o seu indubidable valor artesanal, pero tamén o humano e o cristián. Desde unha perspectiva global, posúe valores que posúe Galicia e os ascende", establece o seu principal organizador, o párroco de Begonte, D. Jesús Domínguez Guizán.

Pero esta vida non é nova, lévao sendo dende hai 36 anos.

Lévao sendo desde que, en 1972, unha viaxe a Coruña de Don José Domínguez Guizán e José Rodríguez Varela, condicionase o Nadal de esta vila para sempre, e, por ende, tamén o galego.

Foi nese ano cando comezou o Belén de Begonte. O párroco chairego José Domínguez acudiu á cidade herculina xunto con José Rodríguez Varela para ver, in situ, un belén orixinal mo vido electrónicamente. Os creadores coruñeses non sabían que inspiraran a dous dos personaxes que, desde ese ano, marcarían estas festas da nosa comunidade.

Tras conseguir un local onde se poñer mans á obra, quedaba aínda moito traballo para conseguir que os máis de 40.000 visitantes actuais acudisen a ver este enxeño. Para dar forma a este ambicioso proxecto era necesario un espazo onde poder situalo. Unha vez conseguido teito era preciso comezar a poñer as figuras no Belén. As primeiras eran demasiado ríxidas, polo que debíanse incluír algunhas máis maleables. Segundo conta Xullo Giz, uns "Mádelman" foron os primeiros en moverse grazas ao talento de Varela que, despois de desarticulalos e volvelos montar con motores, pelo e vestiduras propias, se situaron sobre o primeiro mofo do Belén. Este estaba movido por cinco motores eléctricos e un cegoñal que daban enerxía a unha modesta estrutura.

Pero a través dos anos deu unha característica propia: a evolución. En 1976, ano do despegue definitivo do Belén, eran xa trinta os motores que

daban vida ás figuras. Pero este ano foi fundamental por diferentes motivos.

O primeiro porque este evento transcende o puramente ornamental e sitúase dentro dun ámbito cultural. 1976 é o primeiro dos anos nos que se convocan os certames de poesía (aínda que inicialmente tamén englobou vilancicos), debuxo infantil e periodismo, aos que se sumará máis tarde, en 1989, o de arte. Pero este ano tamén foi decisivo pola ampliación do local onde se albergaba o belén. Don José Domínguez enfundouse nun mono de traballo para ampliar o recinto que cambiou os 25 metros cadrados polo dobre de tamaño. O teleclub de Begonte foise

Cada folla do calendario estaba marcada no mes de decembro para Begonte. O día da inauguración do Belén comezou desde o primeiro día a cumprir con igual esquema. O día da presentación contaba cun pregoeiro. Por este cargo pasaron nomes tan importantes para a provincia como Antonio Rouco Varela, que en 1977 era o bispo auxiliar de Santiago; Luis Cordeiro, presidente da Deputación en 1980, Monseñor Gea Escolano, que foi presidente da Conferencia Episcopal ou Manuel Fraga Iribarne, que sendo presidente da Xunta acudiu a


Begonte para efectuar o pregón en 1991. Tamén se amenizaba con música, como foron os casos do orfeón de Lugo, a polifónica de Vilalba ou Mondoñedo ou grupos de música folk, como Fuxan os Ventos.

A morte de D. José Domínguez, en 1986, deixou o legado na figura do seu irmán, D. Jesús Domínguez, que tomou as rendas do proxecto dende ese

mesmo ano. Os trinta e seis anos do proxecto deixou un espazo de case 80 metros cadrados, con figuras que cambian cada ano, realizadas en diferentes materiais e personaxes, e que reciben unha media de 40.000 visitantes de todas as partes de

Galicia.

O pasado día 13 arrancou a presente edición. O bispo de Lugo, Alfonso Carrasco Rouco, xunto co Orfeón Lucense deron comezo ao belén do 2009. As novas imaxes creadas, desde o verán por José Varela e a súa muller, inaugurarán oficialmente o nadal begontino. Os demais xa podemos sentar á mesa, a gozar co turrón, o mazapán.



O actual párroco de Begonte, D. Jesús Domínguez Guizán

transformando co paso dos belenes, ampliando fronteiras ata converterse no actual centro cultural de Begonte, centro neurálxico deste evento. Esta necesidade de espazo mostraba o constante crecemento do Belén, ao que cada ano se lle unían novas figuras, edificios, espazos, novas "terras" e os seus poboadores grazas ao labor artesanal de José Varela.